que en inglés son os “care” e que englobaban moito máis que só o traballo doméstico, senón tamén toda a carga mental, preocuparse polos demais, toda a empatía, querer compracer, e que lera un documento ou artigo ou ensaio de feministas inglesas falando diso. Eu nunca o lera e lembro que saín de alí sen entender moito máis do que sabía ao entrar. Agora todo iso é diferente. Teño moito máis claro que son os coidados, que significan e porque teñen que estar no centro de todo. Aprender isto fíxome cambiar moitos conceptos que cría que tiña claros coma por exemplo, o empoderamento das mulleres que deixaron de estar no fogar para adicarse ao mundo laboral público. Ese era un logro obvio do feminismo para todo o mundo, mais en que non recaín ata entón? Que para que esas mulleres occidentais de clase traballadora puidesen desprenderse dos coidados, outras mulleres tiveron que ocuparse deles, maioritariamente migradas en situación precaria. Ao final non houbo un cambio de roles, simplemente traspasáronse e iso é porque non se pode vivir sen coidados, é imposible. Tardei anos en aceptar e comprendelo na súa totalidade e digo isto porque quero reconfortar a calquera que estea comezando no activismo feminista. Non se aprende dun día para outro, leva tempo, constancia, formación; non te fustrigues por non saber ou non entender. Meu consello é que te rodees de persoas que saben, que fales e escoites e así chegará un día no que te des conta que sabes máis do que cres. Tamén é súper importante ter unha rede de amigas que te acompañen na viaxe, que te axuden a formarte, coas que poidas intercambiar opinións, material e coñecemento, coas que poidas levar a teoría á práctica, que vos coidedes entre vós. Nunca poderei agradecerlle o suficiente ao Comando que me achegase a outras mulleres coas que agora teño unha amizade valiosísima. Mulleres coas que aprendo, falo de calquera cousa e que sei que nunca vanme xulgar, que estarán alí para axudarme e facer de lugar protector e seguro, mulleres ás que coidar e que me coidan. Son moitas as aportacións que o Comando Igualdade fixo na miña vida. Non sería o activista que son agora, se non fose por el e, por ende, non sería a persoa que son, se non fose por el. Fíxome ver a importancia que teñen os espazos, os lugares onde falar e poder expor opinións e facer preguntas. Eu cambie e dun ano para o outro puiden velo: deixei de ser un adolescente preocupado polas notas e coa obsesión de destacar no único campo no que cría que podía resaltar, para converterme nunha persoa que prefire autocoidarse, aceptarse sen a necesidade de ser “o mellor” e sabendo que o coñecemento non se mide nas notas, senón que o interiorizas, que ten un efecto en ti e te acompañará sempre. As intervencións noutros centros foron experiencias maravillosas nas que víamos que o que tiñamos que dicir tiña un efecto, que había unha importancia no que facíamos. Lembro unha na que varias das alumnas de alí, contaron experiencias moi fortes de acoso na rúa e moitas

remataron chorando. Nas ponencias, contábante que elas non tiñan ese espazo que tiñamos nós e como o precisaban. Tamén vías a xente (rapaces) absolutamente en contra do que dis, que non queren nin escoitarte. Ás veces, rodeado de tanta xente feminista, un crea a súa burbulla e pensa que todo o mundo está deconstruído. Estes rapaces traíante de volta á realidade. Así que grazas, grazas, grazas, grazas Comando Igualdade por todo o que fixestes por min. Tedes que proseguir a vosa labor e expandirvos, crear Comandos en todos os recunchos, non só nos centros, senón tamén no ámbito do ocio, do fogar e laboral, un Comando ao que asistan adultas. Remato cunha cita de Chis, que foi herdada por Pris, e que me axudou a entender tanto: “O feminismo non consiste en que as mulleres quiten a bata, senón en que os homes a poñan”.

Mencía Sacau González

Estou no comando dende 4º da E.S.O. no que entrei xunto con unha amiga grazas a Ana Álvarez. Aínda que non estiven moi activa no grupo, nas reunións ás que asistín axudáronme, ensonáronme e guiáronme moito. Grazas ó comando aprendín a normalizar por completo a miña bisexualidade e a vivir a miña vida deixando de lado o sexismo. Actualmente estudo carpinteiría e moblaxe nun centro no que o número de mulleres é escaso (apenas un 6%) no que se están levando a cabo varios proxectos de igualdade coma unha reportaxe na que eu mesma participo.

Paréceme que o comando é fantástico sobre todo para aprender xunto con persoas moi diferentes e variadas pero que ó final loitan e buscan a igualdade coma tí.

Pedro Diz Torres

Para contar a miña historia de vida respecto a miña etapa estudiantil direi, antes de comezar, que non me considero nin heroe nin vilán, o cal xustifícase o longo do relato. Seguindo unha orde cronolóxica, os meus comezos na etapa escolar foron moi bos en liñas xerais. Ben é certo que era un rapaz moi tímido, pero pouco a pouco e co paso do anos fun cambiando isto ata o outro extremo, sendo unha persona moi sociable, comunicativa e aberta. Dende o comezo da Educación Primaria ata segundo da ESO (inclusive), a situación xeral foi a mesma. Académicamente, as miñas notas eran excelentes, levando sobresalientes en case todas as materias (exceptuando inglés e plástica). Isto non guardaba unha relación co meu traballo, xa que sendo sincero non traballaba absolutamente nada. Non estudiaba para os exames, non facía os deberes pero tiña unhas capacidades, na miña opinión, moi superiores á

media. Sempre digo que eu vivín nunha burbulla ata o verán no que pasei a terceiro da ESO. Non tiña a vida perfecta, pero foi bastante idílica. No colexio tiña moitos amigos e amigas, dos cales aínda conservo a un bo número, e na casa aínda que a miña educación era severa (respecto a modais e demais) e que incluía castigos físicos (e non me supón nada recoñecer que pasáronse máis de unha vez), a miña percepción era que a situación era boa. Cando chegou ese verán, e en pleno apoxeo hormonal, un día miña nai dixo que ía uns días á Illa da Arousa, de onde é natal toda a miña familia. No momento foi raro, non me cuadraba que miña nai se fora da casa aínda que foran uns días. Isto débese a que eu teño Diabetes Mellitus tipo 1 dende os 2 anos, e isto provocou que miña nai estivese pendente de min todos os días, como se fora unha enfermeira. Avanzou o verán e cando quise dar-me de conta este había rematado e miña nai non estaba aínda na casa. No período vacacional leveino ben porque pasaba os días na rúa cos meus amigos e pendente de outras cousas, pero cando comezou o curso todo cambiou. A situación na miña casa ficou en insostíbel, eu non entendía porque a miña nai non estaba con nós e non recibía respostas por ningún lado, de feito non tiña practicamente comunicación nin con ela. Dende ese punto, todo foi unha caída libre. O meu pai adoptou un papel que non coñecía, que igual levaba aí moitos anos, pero que grazas os esforzos da miña nai eu non vira. O seu papel limitouse a descargar toda a súa frustración con nós mediante berros, enfados, ... Isto fixo que a miña casa se volviera un inferno, e eu non atopaba ningún refuxio dentro. O meu irmán fora ese ano a estudar a Santiago, e a miña irmá pasou todo ese proceso interiorizando, facendo como senón ocurría, cousa que eu era incapaz e fíxome moito dano. Ademais, a única vez que me saíu abrirme respecto o tema non elixín ben a quen contarlle a situación, e chegaronme a dicir cousas como “a túa nai non está na casa porque non te quere”. Non culpo á persoa que o fixo, son idades complicadas e non somos conscientes da repercusión que poden ter as nosas palabras, pero pola falta de información fixo que unha parte de mín creera o que me dixo, e isto tamén fixo que me cerrara durante moitísimos anos a volver hablar dese tema con ninguén. Todo isto tivo dous efectos relacionados coa miña etapa académica. O primeiro foi que faltei a clase moitísimo, tanto que ameazáronme múltiples veces con retirarme a avaliación continua. Tal cousa viña motivada porque pola mañá quedaba a casa baleira e era como un espazo de seguridade, de paz, no que podía reflexionar, chorar e intentar, sen éxito, entender algo de todo que pasaba o meu redor. A segunda foi que polas tardes non estudaba nin facía deberes nunca (cousa sostible nos cursos anteriores porque ía a clase, pero nesa situación non), xa que necesitaba saír da casa. Isto provocou que atopase novas amizades, xa que esa situación te leva a coincidir con xente que por unhas ou por outras tampouco pode

estar na casa. Atopei amizades moi fermosas que aínda hoxe conservo, outras por desgraza non, xeralmente porque as situacións difíciles nas clases máis humildes levan ás drogas ou outras situacións, das que realmente non son culpables, pero é máis fácil botar a culpa ó individuo que facer unha crítica transformadora á sociedade e ó sistema. Son consciente de que eu non caín nese círculo vicioso de “pasotismo” e drogas polo deporte, foi a miña salvación sen lugar a dúbidas. En resumo, foi unha etapa moi complicada (e moitísimas máis cousas que omito porque podería estar falando todo o día), é difícil ter 14 anos e non querer chegar á casa pola noite, non entender nada o teu redor... Cara finais do segundo trimestre miña nai regresó a casa. A situación era estraña e eu non o entendía, pero empecei a corroborar algunhas das hipóteses que plantexara. En un trimestre indo a clase levantei casi todo o curso e levei só dúas suspensas a setembro cando ó final do segundo trimestre eran practicamente todas. Ademais, estas dúas quiteinas con facilidade en setembro. Cuarto da ESO tamén foi un paseo, aínda que quedoume a costumbre de faltar moito a clase, obviamente non como en terceiro, pero foi algo que en menor ou maior grado dependendo do curso non cambiou. Bacharelato, especialmente primeiro supuso un obstáculo para min. A miña situación de inestabilidade na casa continuou. A miña nai íase periodicamente, a relación co meu pai estaba totalmente rota e un ERE deixouno no paro con 53 anos, facendo que a situación económica da miña casa, non holgada de por sí, ficara máis complicada. A eso añaín que, lastrando as secuelas da miña situación personal, fora moi complicado para mín adaptarme aos meus novos compañeiros e docentes. En toda esta situación, atopei a primeira persoa que foi quen de darme respostas. Foi unha profesora de filosofía, que esforzouse moito en facernos ver como funciona a sociedade, os efectos da socioloxía, e infinidade de relacións intrínsecas do sistema capitalista pratriarcal. Eu, que considerábame un ilustre da vida, leveima na cara. O principio, e iso que pola miña curiosidade xa tiña contactos co marxismo e empezaba a ver o funcionamento dos medios, capitalismo e demais; non me diferenciaba moito dos que saían da clase dicindo que “está loca”, “é unha feminazi” ... Dame moita mágoa non haber aproveitado máis esas clases. Grazas a ela puíden entender que a miña casa era terriblemente machista, que a miña nai tivo (e ten porque non se pasa nunca del todo) unha depresión fortísima, nun modelo de vida case esclavista, sen remunerar nin cotizar, atada pola dependencia económica, e a influencia da sociedade respecto o “care”. Nunca lle agradecín todo o que fixo indirectamente por mín, o cal dame moita rabia. Co paso dos anos fun metamorfoseando o meu análise da realidade e do pasado, construendo só o puzzle desfeito co que me tocara lidar. Saquei bacharelato con máis pena que gloria, como pasou en case toda a miña vida educativa, xa que non

atopei interese na proposta académica do sistema. Quizas sexa por ego, pero penso que por falta de adaptación as miñas capacidades. Cando saín de bacharelato eu quería estudar filosofía, pero a situación económica da miña familia o fixo inviable. Sen motivación e sen saber moi ben por qué, decidin meterme no grao de comercio, no cal durei literalmente tres días e dixen que iso non era para mín. Como sempre que tomei unha decisión complicada ou os meus resultados no foron bos, non atopei ningún apoio na casa, mais tampouco o esperaba a verdade. Estiven 4 meses seguidos sen falar co meu pai (aínda que tampouco falabamos moito antes), e comecei a traballar de camarero. Aprendín moito da vida alí, traballando os 7 días da semana, percibindo menos nómina da que asinaba, sen cobrar as moitísimas horas extras que facía, e moitísimas máis vexacións que nin vou nomear. Todo por 600 euros ó mes. Cando comezou o novo curso académico entrei na carreira que curso actualmente (grao en Educación Primaria), e seguramente volvín a vivir unha das etapas máis plenas da miña vida. A miña situación na casa non mellorou, pero eu aprendín a vivir co meu pasado e coa destruturación tanxente ó meu ser. Atopei clases que me motivaron moitísimo, como coa docente Amada Traba por mencionar a que máis calou en mín. Con todo, a situación da pandemia volveu cambiar a miña vida exponencialmente. A falta de comprensión pola Universidade de Vigo, e a ansiedade que me provoca estar na miña casa (debido ós feitos anteriores) fanme moi difícil continuar ós estudos, pero viñendo do que veño nin tan mala parece a situación. Por último, e por facer un leve resumo de todo o anterior, recalco que apenas dixen nada de todos os condicionantes que tiven, xa que hai moitas cousas que, aínda que me gustaría, non estou preparado para compartir nun documento tan “público”. Non me considero un vilán por decilo dalgún modo por todos os meus erros ou as etapas nas que foi tildado de vago ou sentín o rechazo da miña familia e da sociedade. Tampouco me considero un heroe polo que fun capaz de sacar a diante con todo o que me tocou, xa que logo se algo aprendín é que a toma de decisións individuais e a meritocracia é unha falacia que enche moito e vale pouco. Intentando ser o máis obxectivo posíbel, cheguei aquí a pesares da situación que vivín pola socialización do meu entorno, polas expectativas que xeraron sobre mín (e noutras familias obreiras non adoita haber), xa que aínda que o meu status económico sempre foi baixo, a familia do meu pai ven de burgueses (os meus avós tiñan unha fábrica de conservas durante o franquismo). Ademais, non obvio nin para ben ou para mal as miñas capacidades innatas respecto ós estudos, o cal tamén foi un punto de inflexión respecto as miñas posibilidades.

Raquel Montero

Si tuviera que decir con una sola palabra lo que significa el Comando de Igualdad para mí, esa palabra sería FUERZA. Yo estudié en el Coia II años antes de que el Comando se creara y cuando comencé a ver todo el movimiento que estaban creando personas tan jóvenes me emocionó muchísimo y por supuesto quise formar parte de él. Emoción y fuerza es lo que siento al ver el gran trabajo que se está realizando y cómo se está realizando, esas ganas de seguir formándose y de seguir luchando y reivindicando. Es un grupo muy potente en el que todas aprendemos de todas día a día, un grupo que está creciendo y avanzando con las necesidades de esta sociedad. Estudio Educación Social y para mí, personalmente, el Comando de Igualdad, es una forma de hacer Educación Social, es una manera de, como ya dije, reivindicar, de apoyar, de acompañar, de hablar de un tema tan importante y necesario como es el feminismo, pero sobre todo de hacer el feminismo. Por que el Comando forma a personas y se forma él, pero es mucho más que eso, yo lo veo como una red de apoyo. Gracias Comando de Igualdad, porque cada una de vosotras me dais una pizca de esperanza, me dais esa fuerza que muchas veces se necesita para seguir luchando ante un sistema tan injusto.

Santiago González Rodríguez

Coa creación do Comando Igualdade non só tiven a posibilidade de formarme en igualdade, se non que tamén puideron mellorar a miña vida. Grazas a el aprendín a ser unha mellor persoa, a deconstruírme para volver a formar un ser, feminista, que vive e disfruta da súa sexualidade como lle peto, sempre dende o respecto e a igualdade.

A formación que recibín é xa unha unha parte máis de min, e a posibilidade de compartir eses coñecementos cos meus iguais (compañeirxs do noso insti e de outros), non supón unicamente acadar que estxs adquiren certa formación en igualdade, tamén posibilita practicar a forma de falar cara o público, que non é tarefa doada a certas idades.

O feito de ser un home no Comando Igualdade, puido supor nos comezos ter que aturar comentarios propios dunha sociedade machista como na que vivimos, pero o compañeirismo e o bo ambiente que se respira no Comando fai que un esté disposto a soportar todo iso, convencido de estar a facer o que debe.

En canto a decidir a miña orientación profesional, o Comando tamén influíu para decidirme a estudar Educación Social, profesión que aproveito para reivindicar e

para reclamar unha OPE xusta, e dende a que espero poder formar en igualdade a máis persoas.

No Comando tamén aprendín a desfrutar da miña sexualidade sen límites, ou quizais unicamente cos límites que cada relación establece. A quen esté lendo isto, decirlle que as relacións son libres, respetuosas e seguras, ou non son.

Para finalizar, gustaría de agradecer a Chis todo o que fixo por min (e por nós). Por crear un proxecto innovador dende as aulas, por ensinarme filosofía coas gafas de xénero postas, e sobre todo, por facer mellor a miña vida. Grazas.

Sara Faro

Atopar na vivencia individual as resonancias dunha historia compartida por todas, un mesmo relato onde paulatinamente, vas desposuíndote da culpa para vestírte coa rabia. Transformar a rabia en loita coma estratexia política.

Darse o pracer de repensarse, de deixar que outras voces te atravesen o corpo e o discurso todas as veces que sexan necesarias, sen xulga, sen culpa; practicar a auto-crítica no refuxio das compañeiras. Coincidir, espazo-temporalmente, con persoas que se atopan en diferentes puntos do camiño neste desandar o aprendido que supón o feminismo; reaprender xuntas, sempre.

E aí, nese espazo de intersección, nesa toma de consciencia colectiva interxeneracional, nese acto aparentemente insignificante, prender a revolución.

Iso foi e é o comando para min.

Persoas que colaboran co Comando Igualdade

Lola Varela

LONGA VIDA AO COMANDO IGUALDADE

Coñecin ao Comando Igualdade “en vivo e en directo” hai agora algo máis dun ano, nunha reunión á que me invitaron no MARCO de Vigo, recién chegada de seis intensos anos como docente en Marrocos, e quedei abraida pola madurez das mozas e mozos polo dominio dos temas e pola valentía que amosan diante da sociedade e das súas familias. Sabía da súa existencia e seguía as súas actividades desde o seu comezo no ano 2010 pola miña fonda relación coa súa creadora Chis Oliveira, un símbolo da coeducación e da educación sexual para adolescentes en Galicia.

Ao longo dos anos e de miles de actividades realizadas polo Comando no IES

Alexandre Bóveda de Vigo e noutros centros de Galicia, moitas premiadas, como o emocionante Proxecto Bata, foron aparecendo persoas coeducadoras, alumnado, profesorado e familias que viron na Educación para a igualdade de mulleres e homes un futuro esperanzador para mellorar as súas relacións amorosas en liberdade e poder gozar dunha vida sexual pracenteira e sen condenas.

Nestes dez anos vin como medraba o Comando, que cada vez tiña máis adolescentes e xoves transmitindo a mensaxe da igualdade, vin como remataban os seus estudos no instituto e seguían colaborando desde outras posicións enriquecidas polo paso do tempo e pola súa formación, é o caso de Priscila Tamara Retamozo, hoxe unha das guías e mestras do Comando xunto a Chis Oliveira e a Ana Álvarez.

Son un verdadeiro exemplo a seguir en todos os centros de ensino. Que mellor que aprender entre iguais; Fora de intervencións puntuais do alumnado que se realizan nalgúns centros o Comando é algo que permanece co paso dos anos e dos curso, a proba son estes dez maravillosos anos dos que xa vemos os froitos dentro e fora do IES Alexandre Bóveda, nas familias, nas facultades nos lugares de traballo, nos colectivos feministas existentes ou nos creados por membros do Comando como é o caso de Klandestinas.

Longa vida ao Comando Igualdade.

Luisa Abad

Fermo parte do Comando dende hai catro anos que cheguei a vivir a Vigo. Comparto chat de whatsapp e son acompañante nas sesións de cine comentado dos días 8 ás 8.

Ver actuar ao Comando é unha marabilla que se vai preparando dende que se monta no autobús. Vívese con alegría, con ganas de cambiar o mundo. Teñen unha forza que contaxia.. É a forza da razón, de que están a facer algo imprescindible. Cantan, rin, intercambian discurso e definicións... Chegan aos centros e se preparan: observan o lugar, empatizan coas criaturas que van escoitar as súas explicacións. Captan a atención dende o primeiro momento. Ves as caras das rapazas e rapaces absorbendo as súas palabras, que son palabras que sandan para algunha nena ou neno que sente que chegou o momento de explicar diante das persoas que escoitan cal é o seu problema, confesar os seus temores e inquietudes: dende que é abusada ata que quere saír do armario. Crean un clima de seguridade no que as criaturas preguntan e falan con sinceridade. Hai un antes e un despois da actuación do Comando nun centro.

Viaxeí co Comando nun par de ocasións e sentínme contaxiada polo seu “bo rollo”, polo seu entusiasmo. E tamén tiven a oportunidade de estar en varias sesións

preparatorias, así como de impartirlles docencia nunha ocasión. O tema que escolle-ron para formarse foi o das masculinidades igualitarias. Falei sobre quince minutos do tema e despois fomos comentando, facendo preguntas, achegando recursos de vídeos e libros para afondar. Para min é un pracer traballar con mozas e mozos tan cualificadas, con tantas ganas de aprender e ensinar sobre a igualdade.

Mariló

O COMANDO DE IGUALDADE NO CARLOS CASARES

No curso 2017-18, cando fixemos ensino reglado do que levabamos facendo desde sempre: coeducar na igualdade, non tivemos ninguna dúbida de a quen desexaria-
mos chamar e quen era para nós referente en abrir camiño: O comando de Igualdade.

Viñeron rapaces e rapazas nos que se reflexaba o noso alumnado, que tiñan as mesmas inquietudes, alegrías e angustias e que buscaban afirmarse e formarse para unha sociedade máis xusta para elas e menos opresiva para eles.

Houbo preguntas e respostas, comentarios e emocións... aprendemos da xente que nos tiña algo que dicir, é o máis importante: a adolescencia falou coa súa voz e o seu sentimento. Unha experiencia inesquecible.

Sara Vierna Fernández

Recuerdo llegar con ilusión a Vigo ese día, iba a encontrarme con Chis y a cono-
cer por fin a algunas chicas/os del comando y eso me parecía emocionante. Sólo de
pensar en haber podido participar, cuando yo estaba en el instituto en algún grupo
feminista con la proyección del comando, me ilusionaba. La sesión que yo presencié
se desarrolló en el Museo MARCO de Vigo, en una sala que me parecía maravillosa:
pufs por el suelo, cojines, sofás. Un lugar que daba pie al encuentro, a los vínculos,
un espacio que acogía y que permitía al mismo tiempo exponer nuevos proyectos y
acciones del Comando. Para ponernos en situación era hacia mediados de septiem-
bre del 2017, aún hacía calor y la primera cosa que me sorprendió fue el número de
asistentes. Me parecía un reto reunir a algún/a adolescente cuando ni siquiera había
empezado el instituto. Ese día creo que eran unxs nueve chicxs. Además estaba Ana
una de las profesoras que empezaba a liderar el comando desde el instituto, junto
con Chis. También asistió una profesora de otro instituto de Vigo que quería apren-
der de la experiencia del Comando ya que ella ese mismo año comenzaba a impar-
tir la asignatura de igualdad de género y el Comando le parecía referente. Otra de
las personas que estaba aquel día era Uqui Permy, diseñadora gráfica feminista

e impulsora de la campaña En negro contra las violencias machistas. Uqui quería conocer en persona al grupo porque, aunque ellas y ellos no lo sabían, acabarían inmersos en su proyecto con la complicidad de Chis, sería un corto-experimento que se proyectaría en todos los cines de Galicia. Mi interés por ir a Vigo a conocer al Comando era simplemente porque me fascinaba el proyecto y lo quería tener cerca, aprender y apoyar en lo que pudiese. Además en aquel momento se planteaba un plan de formación en género para todo el alumnado que no había recibido formación en igualdad porque venían de otros institutos, del que formaba parte. En este sentido en las conversaciones previas con Chis, le comenté lo interesante que sería hacer un fin de semana con un retiro formativo sobre “género y empoderamiento juvenil” para el Comando, algo que comentamos y que les resultó muy atractivo. Este pequeño “sueño” al final no pudo desarrollarse por la falta de fondos. Ese día también estaba Dudi, exalumno de Chis y trabajador en un centro de menores, que facilitaba el taller aquella tarde “Comunicación y marca”. En total seríamos unas quince personas de diferentes ámbitos pero con un interés común en nutrirnos de los aprendizajes que generaba el Comando. En la sesión formativa que impartía Dudi explicó algunas estrategias de comunicación y ofreció herramientas para la creación de un logo. Estas dos líneas de trabajo me parecían imprescindibles para la sostenibilidad del Comando. Hacía falta un logo, una seña de identidad a la que acogerse, el comando empezaba a tener popularidad pública y era necesario que tanto quienes formaban parte de esta iniciativa como quienes estuviesen fuera, pudiesen reconocerlo y reconocerse en él. Dudi lanzó algunas propuestas ese día y se abrió el proceso a la participación de las personas del Comando para diseñar el logo. Además Dudi ofreció algunas claves sobre comunicación algo que sería vital para que el Comando pudiese seguir creciendo más allá del Coia 2. Me volví a Coruña llena de motivación y con mucha esperanza: ver a chicas y chicos tan jóvenes con ese nivel de organización luchando por la igualdad me parecía casi un espejismo. Entendí también que el Comando además de un movimiento juvenil feminista era un espacio de crecimiento, apoyo y vínculos, tanto para el alumnado como para aquellas personas adultas que lo acompañábamos.

Ana Álvarez

Nunca fui una buena repostera pero aquel domingo me vine arriba y decidí hacer una tarta de hojaldre y frutas para acompañar una merienda muy especial en mi casa. Nos reuníamos Chis y yo con un grupo de alumnas y alumnos para preparar la invitación que nos hacía un congreso de educación que se iba a celebrar en Santiago

de Compostela. Teníamos que contar porque el Proyecto Bata, proyecto educativo que un grupo de profes liderados por Chis desarrollamos en el IES Alexandre Bóveda para conmemorar el 8 de marzo, fue premiado con el Premio Irene 2009. Y así empezó todo para mi: quien mejor que el alumnado que participó en las distintas acciones para contar lo que supuso para ellas y ellos. Chis supo entender la potencia de estas jóvenes para contar el proyecto, pero también el poder transformador para ellas mismas del espacio de cuidado que el futuro Comando Igualdade estaba construyendo para tod@s nosotr@s. Aquel domingo charlamos, compartimos, nos formamos y comimos la tarta; yo no mejoré como repostera pero el camino que iniciamos me ha endulcado la vida desde entonces.

David Moon Cresta

Eu non fun testemuña directa do nacemento do comando pero creo que si asistín ao camiñar dos seus primeiros pasos. Foi durante os anos que impartín clase no IES Alexandre Bóveda. A experiencia semellaba prometedora, formativa e albiscabase un intenso compromiso na rapazada participante. Ao remate dun daqueles cursos que permanecín naquel instituto fun convidado xunto coa miña parella e fillas a unha xuntanza do Comando celebrada no Museo Marco de Vigo na que se impartía unha formación que dirixiron Priscila e Marta. O Comando tiña pinta de non ser só unha experiencia escolar: aquilo trascendera os muros do instituto e o calendario lectivo. Igualmente, naquela reunión, o afondamento e calado nas cuestións que se tocaban; o soporte teórico, os coñecementos históricos aos que no decurso daquela sesión se facían referencia, ía deixando claro que a experiencia do Comando era cousa seria. Lembro incluso a charla post-xuntanza na que (xa sentadas/os nunha terraza próxima ao museo) Priscila empregou un símil sobre como unha persoa asume o seu machismo e como asimila unha enfermidade de pronóstico fatal. Na súa comparación aludía ás semellantes fases polas que ambos “pacientes” pasan: negación, enfado/frustración, e ulterior tratamento no caso de querer ponerlle remedio. Como anécdota persoal direi que deste símil xurdiu unha canción do repertorio de Moon Cresta titulada “That kind of man”... Finalmente acabei abandoando o instituto no que xurdiu o Comando; sen embargo, o contacto coas súas impulsoras continuou e moveume a organizar unha intervención das súas/seus integrantes no meu novo destino, o IES Beade. O reencontro con aquelas/es alumnas/os resultou do máis sorprendente. A charla que ofreceron á rapazada coetánea que tiñan enfronte tiña a solidez dunha peza ensaiada nota por nota e, á vez, a frescura dunha jam session de avezadas/os músicas/os expertos en improvisación. A axilidade, o ritmo das

intervencións, o tratamento dos temas dende a óptica do interese dun adolescente, a solidez argumental, fíxome ver ao Comando con novos ollos e novos oídos. Para min ben podería terse convertido nunca sorte de “consagración do Comando”.

Pilar Vázquez Fouce

Neste encontro do Comando de Igualdade, que tivo lugar no espazo de MARCO, o mais importante que alí aconteceu foi o que o chamaremos caso X. Esta moza fixo da súa historia o centro de atención por mor da dificultade e escasa posta en común da expresión de sentimentos no caso de maltrato de parella. A persoa X ten a valentía de verbalizar públicamente e por primeira vez na súa vida, o desenrolo da relación de parella con evidentes características de maltrato psicolóxico e tamén físico durante anos, situación que é quen de afrontar o chegar a ser consciente do que estaba vivindo. Neste encontro, X expón aberta e públicamente todo o proceso desta relación de parella demostrando forza e decisión despois de gran ambivalencia, debilidade e dúbidas. Sabemos que se trata dun camiño con morea de atrancos: presenza de sentimentos ambivalentes, dúbidas e contradicións afectivas, medo e imposibilidade para pedir axuda e por enriba sabendo que estes factores actúan paralizándo e atrancando a fuxida.

Se o máis importante foi a liberación emocional de X neste íntimo e profundo encontro, non podemos esquencer a parte positiva para tod@s @s presentes:

Ser testigo dun proceso positivo é un incentivo para outras posibles vítimas.

Participar de experiencias de intercambios persoais facilita a aprendizaxe para interactuar con outr@s.

Podemos afirmar que o respecto, empatía e acollemento foi o manto que brillou nesta posta en común deste delicado acontecer.



Rúa Ferrería, 25 baixo 36202 Vigo Pontevedra catroventos@catroventos.gal www.catroventos.gal